

## **IVÁN RAÑA**

Ivan Raña naceu en Ordes en 1979 sendo o mediano de 5 irmáns. Desde pequeno veu no deporte a súa paixón e aos 9 anos comezou a vir a Santiago desde o seu pobo en autobús para nadar. Facíao 2 ou 3 veces por semana, dependendo do que lle permitía a economía familiar. Con 13 anos xa era campión galego en natación e participaba en todas as carreiras populares da zona. Aos 14 anos, Iván veu a vivir a Santiago co seu adestrador, Cesar Varela, cun proxecto a longo prazo: ser campión do Mundo.

No ano 1996, foi internacional en Cleveland, no seu primeiro mundial, como junior, onde rematou en 6ª posición; no 1997, 4º no mundial de Perth; no 1998, 6º no Mundial de Loussanne; e en 1999, 3º no Campionato de España absoluto, 3º no Mundial Júnior e 2º en Cancun, na copa do Mundo Elite, sendo Júnior. Neste ano comeza a dedicarse de forma profesional ao deporte.

No ano 2000 fai 5º Nos Xogos Olímpicos de Sydney; e no ano 2004 queda 4º no campionato do Mundo, 2º no campionato de Europa; campión de España e 1º Copa do Mundo en Xapón.

No ano 2002 cumpre o seu soño e o do seu adestrador de ganar o Campionato do Mundo absoluto en Cancun. Na súa carreira, menos 2 anos nos que viviu en Madrid, o resto de temporadas da súa carreira deportiva fixoas en Santiago.

Logo de conseguir o seu obxectivo, ser campión mundial, seguirán chegando éxitos deportivos. No 2003 foi Campión de Europa, e 2º no Mundial, ademais de ganador da copa do Mundo de Madeira. No 2004, foi 2º no Mundial Madeira e 23º nos Xogos Olímpicos de Atenas. Este foi un momento moi duro para el no que tivo que aprender a levar malos resultados cando lle afectaba a presión. O ano 2005 foi un ano de caídas e lesión e en 2006 comezou a recuperar o ritmo outra vez conseguindo o 2º posto na Copa do Mundo en Madrid.

No ano 2007 foi 3º na copa do Mundo en Madrid e Campión de España e no 2008 ganador da copa do Mundo Kizbuhel e 5º nos Xogos Olímpicos de Pekin; ademais de 3º na copa do Mundo Lorient. No ano 2009 foi ciclista profesional no Xacobeo e 5º no Campionato de España triatlón

No ano 2010 volveu á rutina do triatlón, a adaptarse de novo a correr e nadar e no ano 2011 quedou de 10º na Final do Mundial en Pekin. No ano 2012 quedou 8º na Final do Mundial Auckland, gañador de 70.3 de Lanzarote e conseguiu, no seu debut, un premio moi importante no deporte: o IRONMAN DE COZUMEL. No ano 2013 foi 6º no campionato do Mundo de Hawai

Agora mesmo vive en Santiago de Compostela e, aínda que pasa moito tempo fóra por viaxes, a súa base está en Compostela.